



Centristas de Carballo

Moción que presenta o Grupo Municipal de Terra Galega, para a inclusión na orde do día do próximo pleno, para o seu debate e aprobación ao abeiro do establecido na lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real Decreto 2568/1986, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, artigo 97:3:

MOCIÓN PARA O CUMPRIMENTO E/OU MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE RÉXIME XURÍDICO, XESTIÓN, USO E UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE TITULARIDADE DO CONCELLO DE CARBALLO PARA DAR AMPARO LEGAL A TODOS OS CLUBS DEPORTIVOS QUE USAN AS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS E DOTACIÓN DE NOVA INFRAESTRUTURA DEPORTIVA PARA SATISFACER AS NECESIDADES E DEMANDAS DA POBOACIÓN EN MATERIA DE DEPORTE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No pleno do 28 de abril de 2014, acordouse a aprobación inicial do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo, e posteriormente, no BOP nº 123 do 1 de xullo de 2014, publicouse a aprobación definitiva de dito Regulamento.

Nesa mesma sesión plenaria, tamén se acordou a imposición de taxas pola utilización privativa e o aproveitamento especial das instalacións deportivas municipais, e pola prestación de servizos deportivos nas mesmas, e tamén posteriormente, foi publicado no BOP nº 123 do 1 de xullo de 2014.

O Concello de Carballo, no ámbito do deporte en idade escolar, só xestiona directamente a “escola de natación infantil”. A partir dos 9-10 anos, quen queira seguir nadando ten que vincularse a un club, pois paralelamente, os clubs de actividades acuáticas imparten cursos de natación infantil. O resto do deporte en idade escolar xestionano as ANPAS e as entidades deportivas, subvencionando o Concello as actividades e/ou cedendo gratuítamente as instalacións deportivas municipais.

No BOP, do 13 de xuño de 2017, anúnciase a convocatoria de subvencións do Concello de Carballo para as entidades deportivas, con un montante para este ano de 109.000,00€, concretamente para as seguintes tres liñas: a) proxectos de actividade xeral, b) organización de eventos e actividades deportivas extraordinarias, e finalmente, c) organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España. A día de hoxe xa foron concedidas estas axudas a un total de 19 asociacións. Ademais o Concello de Carballo concede subvencións nominativas aos clubs para actividades e eventos particulares. Neste ano 2017, vemos nas subvencións nominativas varias incongruencias, concédeselle unha axuda de 30.000€ a unha entidade por actividade xeral (participación en competicións deportivas federadas) cando esta subvención nace para as actividades puntuais que son máis complicadas de valorar nunha concurrencia competitiva, e tamén, dáse diferente porcentaxe de financiamento a entidades por realizar a mesma actividade (carreiras pedestres, por ex.)

O mércores 14 de xuño de 2017, La Voz de Galicia, facíase eco do desmantelamento do circuíto de radiocontrol de Carballo, un dos mellores de España segundo o seu presidente, que expresaba a súa disconformidade coas formas do Concello de retiralo de dito espazo público, alegando entre outras cousas, que fora de palabra esa cesión, e que agora o Concello o necesitaba para un aparcamento de camións, que finalmente, non ocupa dita parcela senón outras colindantes.

Por un mal deseño, e un mal mantemento das instalacións deportivas municipais estase a producir un deterioro grave que repercute na vida útil das instalacións, e na saúde dos/as usuarios/as. Exemplos disto son: a altísima humidade das piscinas, a reposición das lámpadas dos aparatos ultravioleta...

Concellos cun número parecido de habitantes (Oleiros, Arteixo...) teñen máis practicantes de deporte (entendido por deporte federado -máis caro, polos desprazamentos a competicións regulares principalmente- e non federado) nas instalacións municipais, e por suposto máis instalacións deportivas, e o máis importante, máis funcionais para albergar a maior cantidade de disciplinas, mentres Carballo ten pouca diversidade deportiva comparada con Concellos da súa mesma categoría.

Por outra banda, nestes últimos días, estánnos chegando queixas de pais e nais cuxos fillos/as participan nas actividades ofertadas polas entidades deportivas. Esas queixas teñen relación cos excesivos prezos das cotas mensuais que fixan os clubs. Argumentan que os clubs non pagan instalación, que reciben subvencións do Concello e doutras administracións, e que aínda así, teñen que comprar as equipacións dos seus fillos/as, e que incluso en algúns casos, son os propios pais/nais os que teñen que levar aos fillos/as nos seus coches cando o equipo xoga coma visitante.

O grupo de Terra Galega, leva denunciando dende o 2015, a situación de desamparo legal a que están sometidos os clubs por parte do Concello de Carballo, en canto a certas actuacións que levan a cabo as entidades deportivas nas instalacións municipais, e que non están reguladas en dito regulamento, ou outras que directamente incúmpren, referímonos, entre outras, ás seguintes:

- A publicidade nas instalacións deportivas.
- Venda de entradas nas competicións deportivas, incluso en categorías inferiores.
- Local destinado a cafetería nos campos de fútbol.
- Cesión do uso das instalacións deportivas municipais a entidades deportivas sen ser adestramentos.

Finalmente, a infraestrutura deportiva existente na actualidade no Concello de Carballo é insuficiente para dar cabida a todas as entidades deportivas existentes (só uns privilexiados/as poden disfrutar dos pavillóns e campos de fútbol municipais), tamén algunhas delas, non son adecuadas para unha correcta práctica deportiva, e faise imposible a introducción, en idade escolar, de deportes tradicionais coma poden ser o fútbol sala, ximnasia, bádminton, etc.

Deportes tan arraigados en concellos próximos, e con multitude de practicantes, non se imparten en Carballo por falta de espazos.

O Concello de Carballo non ten desculpa pois xa temos aprobado o plan xeral e existen zonas de equipamento que se poden destinar a deporte, coma a construción dunha cidade deportiva (pavillón, campo de fútbol, piscina descuberta, pista de atletismo, tenis...)

En virtude do anteriormente exposto, o Grupo Municipal de Terra Galega, solicita ao pleno a adopción do seguinte ACORDO:

- 1.- Modificar o regulamento para incluír servizos, actividades non recollidas e regularizar os distintos incumplimentos que se están levando a cabo nas outras instalacións deportivas municipais.
- 2.- Estipular o prezo máximo das actividades que se desenvolvan nas instalacións deportivas municipais a cobrar polas entidades aos seus asociados/as en idade escolar mentres non se apliquen os prezos da ordenanza 22 e/ou reciban subvencións do Concello para esas actividades, así como tamén, a obriga de que os desprazamentos coma visitantes dun grupo/equipo maior de 8 participantes/xogadores en idade escolar se fagan en transporte colectivo.
- 3.- Mudar a política deportiva actual por unha onde teñan cabida maior cantidade de disciplinas deportivas para proporcionar aos deportistas en idade escolar unha riqueza motriz, e tamén "cultura deportiva" con variedade de disciplinas, e non a especialización temperá nun deporte posto que non é nada boa (maior porcentaxe de lesións físicas, e tamén abandono do deporte en idades nas que é fundamental facer calquer tipo de actividade física). Ademais é vital reconducir o traballo importantísimo dos clubs, e que as ANPAS colaboren pero que non teñan un papel de protagonista principal na elaboración da programación deportiva extraescolar.

4.- Dotar ao CDMC de contido para que sexa un órgano de propostas en común, e sirva para colaborar nas decisións de que queremos facer co DEPORTE.

5.- Construcción dunha cidade deportiva para solucionar o gran problema de espacios deportivos que temos neste concello.

Carballo a, 19 de outubro de 2017



Asdo.: Estefanía Canosa Castiñeira

Voceira do Grupo Municipal de Terra Galega